

1º- Modificar a Resolución de Alcaldía de delegación na Xunta de Goberno Local con data 5 de xullo de 2011. Así corresponderá á Xunta de Goberno Local, ademáis da asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, a seguinte competencia, entre outras, atribuída polo artigo 21 ao Alcalde que se delegan:

- Outorgamento de licenzas de obra conforme 194.2 da lei 9/21013, que modifica a competencia de outorgamento de licencias de obra maior delegada na mesma con data de 5 de xullo de 2011.

2º-Dar coñecemento de dita modificación de delegación de competencias a Xunta de Goberno Local e o Pleno e

3º-Que se publique no BOP e no tablón de edictos da Corporación, conforme o artigo 44 do ROF.

Mándoo e asínoo en Foz a, vinte cinco de xuño de dous mil catorce, de que eu a Secretaria, dou fe.-

O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.- A SECRETARIA, ANA BARREIRO GÓMEZ.

R. 2596

---

## GUNTÍN

### Anuncio

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el expediente de modificación de créditos nº3/2014 dentro del vigente presupuesto municipal, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 177 en relación con el artículo 169 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobada por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, que deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde-Presidente de esta Corporación.

Guntín, 27 de junio de 2.014.- El Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 2607

---

## LUGO

### Anuncio

Por medio do presente faise público que a través do Decreto da Alcaldía núm.14006448 do día 1 de xullo de dous mil catorce, a Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación; **RESOLVE:**

**PRIMEIRO**-Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2014 das subvencións para persoas con discapacidade física e afectadas de graves dificultades de mobilidade para gastos do transporte en taxi adaptado de conformidade coas Bases establecidas no presente procedemento de concorrencia competitiva.

**SEGUNDO**-Aprobar o gasto de 9.000 € a que ascende o importe total das subvencións que os servizos sociais outorgarán a esta finalidade con cargo á aplicación orzamentaria 23290.48900.

**TERCEIRO**-A presente convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E AFECTADAS DE GRAVES DIFICULTADES DE MOBILIDADE PARA GASTOS DO TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO-EXERCIZO 2014.**

#### **Primeira-Obxecto da convocatoria**

Esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercizo económico de 2014 a concesión de subvencións individuais para transporte en taxi adaptado de persoas con discapacidade física gravemente afectadas na súa mobilidade e que non poden facer uso, con carácter xeral, de medios de transporte público do Concello de Lugo.

#### **Segunda-Contía e crédito orzamentario.**

A presente convocatoria conta cun crédito orzamentario de 9.000 € na partida orzamentaria de 23290.48900.

#### **Terceira-Requisitos das persoas solicitantes.**

1-Ter unha idade mínima de 4 anos.

2-Estar empadroad/a no concello de Lugo durante, cunha antigüidade mínima de, 1 ano anterior á presentación da solicitude e durante a percepción da axuda.

3-Persoas con discapacidade física en grao igual ou superior ó 33 % que afecte gravemente á mobilidade e impida ou dificulte gravemente o acceso ó transporte público colectivo.

4-Non ser propietario/a de vehículo adaptado ou, séndoo, non estar en posesión de carnet de conducir en vigor. En caso contrario tamén poderán solicitarse estas axudas sempre que se acredite a dificultade e/ou imposibilidade de utilización do vehículo mediante informe médico.

Para as persoas menores de 18 anos, no contar ningún membro da unidade familiar ou de convivencia con vehículo adaptado.

5-Para as persoas que traballen, no ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo do dito beneficio.

6. Non superar as seguintes contías de ingresos:

a)-Persoas solicitantes maiores de idade discapacitadas: os ingresos propios QUE FIGUREN NA BASE IMPOÑIBLE DA CORRESPONDENTE DECLARACIÓN DA RENDA non poderán ser superiores a 1,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

b)-Persoas solicitantes menores de idade: os ingresos da súa unidade familiar ou de convivencia QUE FIGUREN NA BASE IMPOÑIBLE DA CORRESPONDENTE DECLARACIÓN DA RENDA non poderán ser superiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). A estes efectos enténdese por unidade familiar ou de convivencia a QUE ESPECIFIQUE A PERSOA SOLICITANTE NA SÚA SOLICITUDE E QUE PODE ESTAR constituída por unha soa, ou máis persoas que convivan no domicilio unidas por matrimonio ou situacións asimiladas ou vinculadas por adopción ou parentesco ata o 1º grado de consanguinidade ou afinidade.

7-Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo respectivamente

8-Ter regulamentariamente xustificadas as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercizos económicos anteriores.

9-Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvención de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.

#### **Cuarta-Contía da Axuda e criterios de valoración.**

A contía da axuda a cada persoa solicitante será de **800 € anuais.**

Se polo número de solicitudes que reúnen os requisitos a cantidade que correspondería a tódalas persoas solicitantes superase a cantidade consignada nos orzamentos para esta finalidade, terán prioridade as persoas solicitantes que teñan menos ingresos. Non obstante, o órgano competente para resolver poderá proceder ó rateo, entre as persoas beneficiarias da subvención, do importe global máximo establecido na convocatoria, segundo se establece no artigo 22 da Lei 38/2003.

Se do número de solicitudes admitidas resultara que a cantidade total concedida fora inferior á consignada, o sobranse poderá destinarse a financiar posteriores solicitudes presentadas fóra de prazo que reúnan os requisitos.

Asimesmo e para o caso de que os beneficiarios tivesen realizado e xustificado totalmente o gasto subvencionado poderán solicitar novamente subvención se ben a contía reducirase proporcionalmente en función dos meses restantes ata o prazo de xustificación da subvención. En todo caso o límite máximo da contía subvencionable non excederá de 1.000 euros anuais. Estas peticións tramitaranse de acordo coas presentes bases, agás no que se refire ó cumprimento do prazo, e estarán supeditadas á existencia de dispoñibilidade presupostaria.

#### **Quinta-Forma e prazo de presentación das solicitudes.**

A)-As persoas interesadas presentarán as súas solicitudes en modelo normalizado (ANEXO I destas bases) no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de UN MES contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no DOG. O texto destas bases publicarase íntegramente no Boletín Oficial de Provincia (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación do anuncio no DOG será a data a ter en conta ós efectos de presentación de solicitudes, e acompañaranse dos documentos e informacións que se sinalan no parágrafo 2 deste artigo, agás que estes xa estiveran en poder do Concello, facendo constar, neste suposto, a data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, Hai que ter en conta que a documentación ten que estar plenamente actualizada.

B)-A persoa interesada deberá acompañar á solicitude a seguinte documentación:

B1)-Fotocopia do DNI da persoa solicitante ou, se é o caso, do representante legal

B2)-Fotocopia do Libro de Familia, se é o caso.

B3)-Fotografía tamaño carné da persoa solicitante.

B4)-Certificado de empadronamento agás se autorice expresamente ó Concello de Lugo para a comprobación, de oficio, da circunstancia de estar empadroadado.

B5)-Certificación de discapacidade expedido pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou Resolución do INSS de ter dereito a Incapacidade Permanente (Total, Absoluta ou Grande Invalidez)

B6)-Informe médico emitido pola Sección de Cualificación e Valoración de Discapacidades acreditativo da imposibilidade de utilización do transporte público colectivo (só para o suposto de que esta circunstancia non se reflecta na certificación de discapacidade).

B7)-Declaración de ingresos da persoa solicitante, e se é o caso, de cada un dos membros da unidade familiar ou de convivencia. A declaración dos ingresos realizarase mediante fotocopia da última declaración da renda ou, se é o caso, certificación da Axencia Tributaria de non ter a obriga de presentala. Nos casos de pensionistas certificación anual do Organismo correspondente.

B8)-No caso de persoas traballadoras, declaración xurada de non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo de dito beneficio.( ANEXO II)

B9)-Declaración responsable de non ser propietario de vehículo adaptado ou, sendoo, de non estar en posesión de carnet de conducir ( ANEXO II). En caso contrario, acreditar, mediante informe médico, a imposibilidade e/ou dificultade de conducir

B10)-Declaración responsable de non encontrarse, a persoa solicitante, inhabilitada ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de persoa beneficiaria de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. ( ANEXO II)

B11)-Declaración responsable das subvencións ou axudas solicitadas e/ou percibidas pola persoa solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.( ANEXO II)

B12)-Declaración responsable de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social.(ANEXO II)

B13)-Certificación bancaria do número de conta da persoa beneficiaria.

B14)-Outros documentos que se estimen oportunos.

#### **Sexta-Subsanación da solicitude e publicidade da concesión.**

Se a solicitude presentada pola entidade interesada non reúne os requisitos establecidos nestas bases e/ou non achega a documentación indicada ou esta está incompleta e/ou adolece dalgún defecto; requiriráselle para que, no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, a achegue, complete e/ou emende as deficiencias observadas; indicándolle que se así non o fixera, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Non será necesaria a publicación no taboleiro municipal de edictos nin na páxina web do Concello de Lugo das subvencións outorgadas ao amparo desta convocatoria porque son concedidas a persoas físicas afectadas por situacións de desvantaxe económica e social, e a súa difusión sería contraria ao respecto e salvagarda do seu honor e intimidade persoal e familiar

#### **Sétima-Instrucción do procedemento.**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes Bases axustaránse ó establecido nos artigos 26, 27, 28 y 29 da Ordenanza Municipal de Subvencións; nos artigos 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia concordantes cos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións coas seguintes precisións

Unha vez a documentación estea completa o órgano instructor, que será un/unha técnico/a competente de Servizos Sociais, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou incumprimento dos requisitos establecidos na presente convocatoria, podendo solicitar cantos informes considere oportuno.

A avaliación das solicitudes corresponderálle a unha Comisión de Valoración que terá a seguinte composición:

-Presidente/a: O/A Concelleiro/a do servizo correspondente.

-Vogais: Un funcionario/a ou persoal laboral do correspondente servizo que se designe para estes efectos.

-Secretario/a: Un/Unha técnico/a municipal do servizo correspondente designado para o efecto.

#### **Oitava-Órgano competente para resolver.**

- O órgano competente para resolver o procedemento é a Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade. Todo isto de conformidade co disposto no acordo 16/388 adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de maio de 2013.

#### **Novena-Prazo de resolución.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de DOUS meses, contados a partir do día seguinte ó da finalización do prazo establecido para a presentación de instancias. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

#### **Décima-Aceptación da subvención.**

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte hábil ó da notificación non renunciarán a ela expresamente mediante escrito dirixido ó órgano concedente.

#### **Décimo primeira Undécima-Reformulación e subcontratación.**

Non se admite a reformulación das solicitudes e as actividades obxecto de subvención e non poderán ser obxecto de subcontratación.

#### **Décimo segunda-Gastos subvencionables e período de realización.**

Os gastos que se poden xustificar coa subvención concedida serán os correspondentes ós de transporte exclusivamente efectuados por calquera dos tres taxis adaptados existentes en Lugo.

Os traxectos poden realizarse tanto no termo municipal de Lugo como fóra deste.

O período de realización dos gastos será dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do exercizo económico vixente.

**Décimo terceira-Forma e prazo de xustificación.**

1-Para proceder ó pagamento da subvención a persoa beneficiaria deberá xustificar a aplicación da axuda mediante a presentación da seguinte documentación:

a)-Memoria da adopción do comportamento (ANEXO III).

b)-Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada.

c)-Deberá presentar asimesmo declaración responsable:

-De que a actividade para o que se solicita subvención se efectuou nos termos establecidos nas bases reguladoras deste tipo de subvencións.

-De que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

.Non foron nin serán presentadas como xustificación doutra subvención pública ou privada (segundo modelo no ANEXO III)

.Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.:

.Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora, é dicir, que xa foron realmente pagados.

-De que a persoa beneficiaria da axuda está ó corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo respectivamente.

-Das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade ANEXO III)

Os documentos presentados deberán ser validados e estampillados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica, na porcentaxe que corresponda en cada caso, á xustificación da subvención ou convenio concreto.

Os documentos serán orixinais, e se se presentasen fotocopias deberán ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

**Décimo cuarta-Data límite para xustificar.Pagamento.**

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 30 de novembro do exercizo económico de 2014. Transcorrido este prazo pódense dar dous supostos:

a)-Que a entidades beneficiaria presente a xustificación; pero que está, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este extremo poñerase no seu coñecemento, concedéndolle un prazo de dez días para complementalo.

b)-Que a entidades beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requeriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se admite o pagamento anticipado nin pagos parciais.

**Décimo quinta-Réxime de infraccións e sancións.**

O réxime de infraccións e sancións así como o procedemento sancionador será o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Décimo sexta-Compatibilidade.**

As subvencións que se outorguen ó abeiro da presente convocatoria serán compatibles con outras para a mesma fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o custo total da actividade. No caso de existir sobrefinanciación o beneficiario/a deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

**Décimo sétima: Anexos.**

ANEXOS I: CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO-EXERCIZO 2014.

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE AOS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

ANEXO III: MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE AOS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

## ANEXO I

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO-  
EXERCIZO 2014.DATOS DO/DA SOLICITANTE.

NOME:  
 APELIDOS:  
 DNI:  
 DATA NACEMENTO:  
 ENDEREZO:  
 TELÉFONO:  
 E-MAIL

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (só nos supostos de persoas discapacitadas psíquicas ou de menores de idade)

NOME:  
 APELIDOS:  
 DNI:  
 DATA NACEMENTO:  
 ENDEREZO:  
 TELÉFONO:  
 E-MAIL

DATOS RELATIVOS Á UNIDAD DE CONVIVENCIA.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	INGRESOS ANUAIS

## SOLICITO

A concesión de axuda económica para sufragar gastos de transporte en taxi adaptado para o exercizo económico vixente.

Autorizo ó Concello de Lugo a comprobar, de oficio, a circunstancia de estar empadroad/a no Concello de Lugo.

Asimismo e para o caso de resultar beneficiario autorizo a remisión dos meus datos persoais así como de copia da fotografía ós titulares de licenza de taxi adaptado en Lugo.

Autorizo, expresamente ó Concello de Lugo, a comprobar das diferentes Administracións Públicas ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Que de resultar beneficiario/ acepto as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e no artigo 11 da Ordenanza Municipal de subvencións .

En Lugo, a                      de                      de 2014

Sinatura da persoa solicitante ou da autorizada

Xúntase á presente solicitude a documentación sinalada no dorso, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do DNI da/do solicitante ou do representante legal.
- Fotocopia do Libro de Familia, se é o caso.
- Fotografía tamaño carné do beneficiario/a.
- Certificado de minusvalía ou resolución do INSS
- Informe médico emitido pola Sección de Cualificacións e valoración da minusvalía da imposibilidade de utilización do transporte público colectivo, se é o caso.
- Declaración da Renta ou certificacións.
- Declaracións xuradas (ANEXO II)
- Certificación bancaria

ANEXO IIMODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE AOS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓND./D.<sup>a</sup>

con DNI núm.

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1-Que (si ou non) solicitei e recibín, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI \*
- NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ó exercicio económico de 2014, o/a que subscribe solicitou/ recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.

2-Que estou ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo respectivamente.

3-Que non estou inhabilitado/a nin incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obte-la condición de beneficiario/a da subvención.

4-Que .....(indicar si ou non) son titular de vehículo propio adaptado.

5-Que.....(indicar si ou non) son titular de carnet de conducir. En caso afirmativo, sinalar, a través de informe médico, os motivos que imposibili-tan a súa utilización:

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

5-Que ningún membro da miña unidade familiar ou de convivencia posúe vehículo adaptado (*só rechea nos supostos de solicitantes menores de 18 anos. Neste caso deberán asinar tódolos membros da unidade familiar*)

6-Que non teño reconecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral o cualquier otro título acreditativo de dicho beneficio.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2014.  
(DNI, sinatura do/da solicitante e/ou membros da unidade familiar)

ANEXO IIIMODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE AOS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓND./D.<sup>a</sup>

NIF. nº:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1-Que durante o presente exercizo económico e con cargo á subvención concedida realizáronse (especificar número de viaxes realizados en taxi adaptado).

2-Que o gasto realizado ascende a (especificar cantidade)

3-Que (si ou non) recibíu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI \*
- NON
- 

\*Ata o día de hoxe e referidos ó exercizo económico de 2014, solicitei/ recibín outra subvención (indicar procedencia e contía):

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.

2-A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3-A persoa beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á :Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo respectivamente.

4-Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

-Non foron, nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de subvención pública ou privada algunha.

-Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

-Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

5-A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención efectuouse nos termos solicitados.

6-Que a persoa abaixo asinante encóntrase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo respectivamente.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2014  
(DNI, sinatura da persoa solicitante ou da autorizada.)

Asdo.: \_\_\_\_\_



**CUARTO:** Que se proceda á publicación do anuncio da presente resolución no Diario Oficial de Galicia (DOG) e do texto íntegro desta no Boletín Oficial da Provincia (BOP); no Taboleiro de Edictos e na paxina web do Concello de Lugo.

**QUINTO:** Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos: Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin a vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a presente resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991 de 26 de novembro ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.

O que se fai público para xeral coñecemento e coa finalidade de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas; no prazo de UN MES contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia (DOG.).

Lugo, 1 de xullo de dous mil catorce.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DE ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, Ana María González Abelleira.

R. 2620

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

De conformidade co artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 11 da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos, a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 20 de xuño de 2014 aprobou a modificación da Tarifa do Prezo Público pola actividade "Obradoiro de Verán Música e Danza" modificando o artigo 4º "Contía dos Prezos Públicos", quedando redactado no seguinte xeito:

Obradoiro de verán: música e baile ..... 25€ alumno

De acordo co artigo 11 do da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos dita modificación entrará en vigor no día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

En Monforte de Lemos a 20 de xuño de 2014.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz.

R. 2579

---

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

#### **DECRETO DE ALCALDÍA núm /2014**

Visto que é necesario proceder á aprobación do Padrón fiscal relativo ao imposto de bens inmoables de rústica, urbana e de características especiais correspondente ao exercicio 2014, e co fin de proceder á correspondente recadación do IBI, despois de examinar a documentación achegada e, de acordo co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Que se aprobe o Padrón do imposto de bens inmoables de rústica, urbana e de características especiais, correspondente ao exercicio 2014, composto por 700 cargos e por un importe total de cotas municipais de 193.331,55 euros. O período voluntario de cobramento será o seguinte: do un de setembro ao trinta e un de outubro de dous mil catorce..